

4

desenvolvimento regional

4

O obxectivo deste último capítulo é analizar dous dos principais factores que condicionan ou inciden na mellora da produtividade do tecido produtivo galego: as infraestruturas “físicas” e a I+D+i e a transferencia de tecnoloxía.

En primeiro lugar preséntase a situación das infraestruturas de transporte e comunicación, xa que estas teñen un forte impacto sobre o desenvolvemento económico ao permitir, entre outros aspectos, acercar mellor e máis rapidamente os produtores aos consumidores, captar investimentos e mellorar o acceso a mercados exteriores.

Ao longo do período 2003-2006 o investimento público real territorializado ascendeu en Galicia a 8.280,7 millóns de euros, o 6,8% do investimento total territorializado en España, dos que a C.A. foi o principal axente investidor, con 4.151,2 millóns de euros (o 8,8% do investido polas CC.AA.). O Estado investiu en Galicia un total de 2.207,2 millóns de euros, o 8,6% do realizado pola Administración Central (total rexionalizable).

No eido do solo industrial e empresarial cómpre destacar a posta en marcha do Programa Galiza suma de promoción e creación de solo empresarial galego. Este programa é unha proposta para deseñar a estratexia de solo empresarial de Galicia e se traduce nun investimento estimado de mil millóns de euros nos vindeiros oito anos e en máis de 27 millóns de metros cadrados en solo empresarial. O seu obxectivo central é a creación de solo empresarial de carácter estratéxico, entendido este como “centros de empresas, espazos de innovación e desenvolvemento tecnolóxico e puntos de formación e coñecemento”.

No que atinxe á realidade actual do I+D en Galicia, a segunda parte deste capí-

tulo reflicte, xunto ao marcado “carácter público” da actividade investigadora, que a intensidade de gasto en I+D na comunidade galega segue sendo insuficiente en relación á media española e europea, e está moi lonxe do esforzo investidor do obxectivo comunitario do 3,0% a acadar en 2010. Galicia inviste nesta actividades o 0,88% do seu PIB, sendo esta ratio do 1,13% en España e do 1,85% no conxunto da UE.

Esta debilidade amósase tamén no caso da capacidade innovadora, onde o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade) descendeu lixeiramente ao longo do último ano. O seu peso relativo no total estatal segue sendo baixo, sobre todo se se ten en conta a importancia relativa galega en termos de poboación ou de actividade económica.

Co obxectivo de impulsar o sistema de I+D en Galicia e a mellora competitiva do sistema produtivo galego, en decembro do ano 2006 aprobouse formalmente o terceiro Plan Galego de I+D, cunha vixencia temporal entre o anos 2006 e 2010, polo que os investimentos realizados para estas actividades partiron dunha prórroga do Plan anterior.